

## 6. Contesta.

### a. Define industria:

É o conxunto das actividades que teñen como fin transformar un recurso natural, a materia prima, nun produto elaborado.

### b. Por que é a industria un indicador do desenvolvemento económico?

A industrialización é un factor que promove o crecemento económico. Os países desenvolvidos son Estados cun tecido industrial consolidado, mentres que os menos desenvolvidos contan cunha industria escasa ou deficiente.

### c. Que condicións deben cumprirse para falar de produción industrial?

- No proceso de transformación úsanse máquinas e enerxía.
- Realízase en fábricas pechadas, nas que se concentra gran número de obreiros industriais.
- Elabóranse grandes cantidades de produtos.

### d. Que tres tipos de industrias podemos diferenciar segundo o destino dos produtos. Explica as diferencias e pon un par de exemplo.

| Tipo de Industria  | Que fabrican?  | Exemplo de industrias                                  |
|--------------------|--|--|
| De Base            | Produtos semielaborados que se transforman en materias primas para outras industrias | Sidometalurxia<br>Química e petroquímica<br>Cementeira |
| De bens de equipo  | Transforma os produtos semielaborados en produtos que utilizarán outras empresas     | Maquinari e motores<br>Material de construción         |
| De bens de consumo | Elabora produtos para o consumo que se adquiren nas tendas.                          | Alimentaria<br>Téxtil<br>Automobilística               |

## 7. Os trazos do sistema industrial actual.

### a. Completa.

- O desenvolvemento de novas **tecnoloxías e novas industrias**; fixo que hoxe en día, as empresas industriais teñan que destinar unha porcentaxe importante do seu capital á **investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (I+D+i)**. Só evolucionando poden manterse e ser competitivas.
- A industria tende a utilizar **sistemas automáticos de produción** para realizan as tarefas mecánicas. A produción industrial aumenta pero o **emprego industrial redúcese** redúcese, aínda que mellora a súa calidade, xa que se precisan profesionais **moi cualificados**.
- Para mellorar a calidade dos produtos e ser máis competitivos, as industrias desenvolven **servizos periféricos** non relacionados directamente co proceso de fabricación. Son actividades como a **mercadotecnia, o deseño, a investigación** ... Fálase dunha **terciarización da industria**.
- A **descentralización produtiva** consiste en desprenderse dalgunha fase da produción ou dalgunha actividade da empresa.
  - Unha empresa pode, simplemente, **subcontratar** ou alcanzar **acordos de cooperación** con outras empresas especializadas.
  - Tamén pode localizar as **distintas fases da produción** en diferentes territorios, aproveitando as vantaxes que ofrece cada un.
- Unha **multinacional** é unha grande empresa que ten **filiais** ou establecementos en moitos países.

**b. Enumera os principais factores de localización dunha empresa (polo menos 5).**

- Acceso á innovación e á información
- Proximidade a outras industrias similares ou complementarias
- Boas comunicacións
- Capital
- Proximidade aos mercados
- Disponibilidade, custo e cualificación da man de obra
- Proximidade aos recursos enerxéticos e materias primas
- Factores medioambientais
- Outros: prezo do solo, o Estado...

**8. Contesta.**

**a. Que é a deslocalización industrial.**

Supón o traslado de parte ou todas as actividades produtivas dunha empresa dun país a outro.

**Que tres factores a fixeron posible?**

- A apertura dos países emerxentes e a internacionalización dos mercados.
- O desenvolvemento das novas tecnoloxías da información, que permiten a comunicación dunha punta a outra do planeta en tempo real.
- O abaratamento dos medios de transporte.

**b. Que dúas fases podemos distinguir? Explica.**

- Na 1ª deslocalizáronse empresas para países emerxentes, como China e India.
- Na 2ª, os países emerxentes están deslocalizando parte da súa produción industrial a outros países en desenvolvemento, como Vietnam.

**c. Que aspectos positivos e negativos tivo nas economías desenvolvidas?**

- Positivo: a perda de empregos directos e indirectos, a precarización das condicións laborais e o peche dalgunhas plantas.
- Negativo: as empresas abarataron bastante os seus produtos manufacturados, o que as fixo máis competitivas.

**E nas economías en desenvolvemento?**

- Positivos: a creación de emprego e o aumento dos ingresos.
- Negativos: a explotación laboral ou a contaminación excesiva, debido a lexislacións medioambientais moi permisivas.

**d. Enumera as razóns polas que certas industrias están a volver aos países de orixe.**

- O aumento dos salarios nos países asiáticos con fabricas deslocalizadas menoscabou o seu atractivo como destino.
- Os avances tecnolóxicos nos procesos de produción permiten aumentar a produtividade e compensar uns custos máis elevados.
- Os incentivos fiscais nos seus países de orixe.
- A proximidade ao mercado de consumo, que favorece unha rápida adaptación aos cambios na demanda.

## 9. Contesta.

### a. Indica un par de exemplos de potencias industriais tradicionais.

EEUU, Alemaña, Xapón

### E un par de exemplos de novas potencias industriais?

China, India.

### Que son os dragóns asiáticos? Pon un exemplo.

Potencias industriais destacados da área do pacífico.

### b. Describe as características industriais de China, EEUU, Francia. (non entra).

## 10. Interpreta o mapa.



- Mapa do proceso de deslocalización no mundo.
- EEUU, Europa occ., Rusia, Xapón e Australia. Que levan sendo potencias industriais dende fai moito.
- China e a India.
- Destacan zonas como o SL asiática (Indonesia, Vietnam), Latinoamérica (México, Brasil) ou Sudáfrica.
- Contestada arriba.
- Azuis: A deslocalización directa dende os países desenvolvidos. Vermello: Deslocalización de segunda fase.
- África apenas está industrializado nin recibiu empresas deslocalizadas salvo a zona mediterránea (Marrocos, Exipto...) e Sudáfrica.